

O PAPEL



No Antigo Exipto escribíase sobre papiro (de onde provén a palabra papel), o cal se obtiña a partir do talo dunha planta moi abundante nas ribeiras do río Nilo

En Europa, durante a Idade Media, utilizouse o pergamiño que consistía en peles de cabra ou de carneiro curtidas, preparadas para recibir a tinta, que por desgraza era bastante custoso, o que ocasionou que a partir do século VIII popularizácese o malo costume de borrar os textos dos pergamiños para reescribir sobre eles (dando lugar aos palimpsestos) perdéndose desta



maneira unha cantidade inestimable de obras.

Con todo, os chineses xa fabricaban papel a partir dos residuos da seda, a palla de arroz e o cáñamo, e mesmo do algodón. Considérase tradicionalmente que o primeiro proceso de fabricación do papel foi desenvolvido polo eunuco Cai Lun, conselleiro do emperador Hei de Han, no S. II d. C.

Durante uns 500 anos, a arte da fabricación de papel estivo limitado a China; no ano 610 introduciuse en Xapón, e ao redor do 750 en Asia central. O coñecemento transmitiuse aos árabes, quen á súa vez o levaron ás que hoxe son España e Sicilia no século X. A elaboración de papel estendeuse a Francia que o producía utilizando liño desde o século XII.



1. Pon V se é verdadeiro e F se é falso

No Antigo Exipto escribíase sobre peles de animais.

O pergamiño facíase co talo dunha planta chamada papiro.

Os chineses fabricaban papel a partir dos residuos da seda.

Os árabes introduciron o papel en Europa no século X

En Xapón non coñeceron o papel ata o século pasado.

No Exipto antigo escribíase sobre papiros.

A palabra papel provén precisamente do termo papiro.

2. Completa as frases:

O pergamiño consistía en _____ de cabra ou de carneiro curtidas.
En _____ facíase papel con residuos de seda, palla de arroz e cáñamo.
No ano _____ introduciuse a fabricación do papel en Xapón.
Antes da chegada do papel en Europa usábase _____.
O inventor do papel puido ser un _____ ao servizo do emperador chinés.

3. Marca a opción correcta

O papiro obtíñase do talo dunha planta moi abundante nas ribeiras do Nilo.



Na beira do río Nilo crecía unha planta que se chamaba papiro.

O papiro facíase co tronco dunhas plantas que crecían na beira do Nilo.

O papiro tiña un talo igual que unha planta que crecía no río Nilo.

O pergamiño consistía en peles de cabra ou de carneiro curtidas

As peles de cabra ou carneiro usábanas os peregrinos.

O pergamiño facíase cos cornos das cabras e carneiros.

Coa pel das cabras e cordeiros facíanse os pergamiños.

Os chineses fabricaban papel cos residuos da seda, a palla de arroz e o cáñamo.

Con palla de arroz e cáñamo os chineses aprenderon a facer papel.

Os chineses facían seda e usábana como papel.

O cáñamo e a palla de arroz eran utilizados para fabricar residuos de seda.




Durante uns 500 anos, a arte da fabricación de papel estivo limitado a China.

Hai 500 anos a fabricación de papel xa se coñecía en toda China.

Hai 500 anos os chineses non sabían aínda fabricar papel.

Durante 500 anos só os chineses fabricaron papel.



O coñecemento transmitiuse aos árabes, quen o levou a España e Sicilia.

Os árabes aprenderon a fabricar papel e trouxérono a España e Sicilia.

Os árabes aprenderon a fabricar papel en España e Sicilia.

Só en España e Sicilia fabricaron papel os árabes.



A elaboración de papel estendeuse a Francia que o producía utilizando liño desde o século XII.

En Francia empezaron a fabricar papel no século XII.

En Francia usaban liño ata o século XII.

No século XII Francia non quixo producir liño para facer papel.

4. No século XV houbo un acontecemento que revolucionou todo o relacionado co papel, cos libros e coa cultura. Ademais é un dos feitos clave que deu lugar á Idade Moderna. Que feito tan importante é ese?



LEMBRA EMPEZAR CON LETRA MAIÚSCULA E REMATAR CON PUNTO.